


De súpeto





O que aquí vos imos
contar

Puido ou non, ser
REALIDADE...


...Pero se che parece
que

Coñeces á protagonista
eso sería pura
CASUALIDADE


- Aquela mañá Eli erguérase cedo coma facía case tódalas mañáns malia que non tiña escola porque era festivo na súa vila ,e cría que tamén na vila de todos os nenos e nenas galegos,ou algo así lle explicara a súa mestra.



Así que, a nena despois de almorzar leite frío con cereais coma decote, achegouse ao circo ANIMALIUS que chegara o mesmo día das Letras Galegas á praza do concello.



De camiño ao circo, Eli decidiu gastar a propina que o día anterior súa nai lle dera por axudarlle a súa avoa tarefas da casa, e con ela mercou no bazar dos chinos un paquete de cromos de pokémon que tanto lle gustaban para completar a súa colección.



- Cando máis entretida estaba vendo cales lle tocaran desta volta ,puido ver que no medio daquela morea de cromos viña un cromo dourado de animais den perigo de extinción e leu:“ aguia pachada” da rexión balcánica.



Non entendía moi ben cal era
o motivo daquel
intrusismo, aínda así,
gardouno con moito
coidado no peto da súa
cazadora coma se dun
tesouro se tratara e
continuou o seu camiño...




Comezou a ler os prezos das entradas que estaban no cartel e pronto se decatou de que non lle chegaban os cartos que levaba .Entón foi cando pensou que podía aproveitar aquel cromo dourado que gardaba no seu peto para poder cambialo por algunha que outra moediña.







Non facía moitos días que na escola na clase de historia lle explicaran o que era o troco, unha maneira de comercio moi utilizada na Idade Media pero...



Nese mesmo momento algo chamou a súa atención: os berros dunha muller desesperada e histérica que porfíaba axuda para que liberaran o seu bolso da dentallada dun crocodrilo famento e disposto a comerse dun bocado todo o que levaba dentro.




Eli ficou parada mirando a terrible escena ,pero aínda se abraiou máis cando viu que aquela muller desesperada era a súa mestra Lucinda que estaba movendo os brazos coma as aspas dun muiño para asustar a aquel terrible animal.



- Aproveitando a cámara de fotos que Eli acostumaba a levar sempre colgada do seu pescozo, argallou en segundos unha idea fabulosa ,pensou: se hai algo que realmente asusta a un crocodrilo son os FLASHES , e así foi como comezou a disparar a súa cámara unha e outra vez ata que...




O animal cegado por tanto lucerío cuspiu aquel noxento e babexado bolso que co impulso foi dar ás pólas dunha árbore centenaria que cada día dá a benvida aos centos de peregrinos que seguen o seu camiño ata Fisterra e Muxía, e dende a que se pode albiscar todo o pobo e arredores.




- Se queremos recuperar o bolso deberemos pedirlle axuda a alguén ,non che parece?-dixo Lucinda cun tono de nerviosismo total a Eli.
- Necesitaremos unha escada ou algo con que rubir ?-dixo Eli con voz entrecortada ,intentando disimular o seu asomo.



Con tanto grito, ao momento encheuse o lugar de xente que intentaban achar u nha solución .Pronto os pallasos dos circo apareceron cun dos moniños chamado “King-kong” dispostos a recuperalo .




O mono subiu pola árbore sen dubidalo ,pero lonxe de baixar con el e dárxello ao súa dona, o que fixo foi abri-lo e comezar e a pintarse os beizos cun pintalabios vermello intenso, logo remexeu e remexeu ,ciscou tódolos cartos e tarxetas que a mestras gardaba na súa carteira e que deron en voar polo aire coma se de folerpas de neve se tratara.



Unha vez que abriu o móbil daquela muller o mono comezou a presionar o teclado sen parar ,ata que escoitou unha voz que repetía: -Diga!! –Diga!!!! – Quen é???.


O mono asustouse con tanta pregunta e soltou o móbil que esvarou e caeu no chan quedando esnaquizado por completo.



Lucinda comezou a berrar igualiño que lle berra a Samuel cando ,coma dí ela "lle saca de quicio", pero king-kong impasible ante tanto berro quedou ficando desde o alto da póla vendo como a mestra desmuida caía enriba do seu propio móbil.



Decidiron pois chamala atencion do moniño dalgún xeito para lograr recuperalo móbil, así que, alguén comezou a lanzar pexegos para que desistira de seguir tirando tódalas cousas que había naquel inmenso bolso, pero a mala sorte fixo que un deses pexegos viñera de volta e fora dar á cabeza dun ciclista que naquel intre pasaba por alí mesmo. Con semellante impacto non puido esquivar a Cocón, o can de Don Simón o cura da vila, e acabara n esmagados por igual o can e o pexego...



Por momentos todo se ía complicando cada vez máis ,e ante a gravidade do atropelo tiveron que chamar con urxencia a unha "can-ambulancia" .Cando o enfermeiro chegou ao lugar abriu a porta e sen tempo de escapar Cocón viuse asfixiado por unha serpe negra que tamén compartía ambulancia ...Non había tempo de reacción, habería que elixir entre Cocón e a serpe....mágoa de serpe parecía boa...pouco durou!!!



Agora de volta ao problema,
tódolos ollos estaban
postos de novo en king-
kong pendurado no alto da
árbore ,entretido tirando
paus a todo aquel que se
movía .


Entretido no seu xogo, non se
decatou de que a póla
estaba a piques de romper
e despois dun cruxir forte
o mono tamén deu en caer
ó chan .Pummm!!!!



Alguén chamara á policía local que armada de paciencia e valor quixo intentar arrestar ó mono e levalo ao calabozo acusado de intento de homicidio, pero o avisgado animal aproveitou un despiste do local e rouboulle o libro de multas que gardaba na parte traseira do coche comezando de novo a ciscar a morea de papeis que atopara.



Marchaba o mono dando
brincos por enriba de
canto coche estaba
aparcado na rúa ,cando un
vello que camiñaba polo
lugar aproveitou o seu
bastón para darlle un bo
golpe ao animal e deixalo
"KO" no medio da
estrada...



O que parecía un mono “case” morto ,resultou ser un mono bastante mareado e aturdido que comezou a dar volta e voltas ata que foi dar á fosa do purín do señor Anselmo que xa durante toda a semana tivera impregnado a vila dun noxento e fedento cheiro que chegara a tódalas partes do mundo .




- No medio desas miles de voltas que daba o mono sen parar foi bater con Rufino, o fillo de Marita a dona do quiosco no que se venden os mellores libros sobre fibra de carbono que poidas atopar. Agora mono e Rufino parecían dúas mofetas das que habería que escapar...



- No tropezo co mono a Rufino caéralle o seu paquete de chicles ó chan. Como é un rapaz moi arriscadiño ofreceulle unha morea a king-kong que deu en mastigar e logrou facer un globo tan grande tan grande que lle permitiu fuxir voando para non ser arrestado e librarse dunha boa sanción.



- Nese mesmo intre no que king-kong fuxía ,Eli escoitou un ruído Ringggggg -Ringggggg!!!! e unha voz coñecida susurraballe baixiño:
- - Érguete dormilona , que vas chegar tarde á escola.Eli cos ollos medios pechados pensaba: outra vez tiven ese SOÑO LOCO...e levantouse sen máis.



Conto feito por: alunos 5ºB CEIP O COTO
NEGREIRA

